



de creacións artísticas. Artistas e creadoras

de parte e con colaboración do Centro Dramático Galego, este emiciditric pretende fomentar e oscitar a

II PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFONICO

do longo de a programación a radio para o teatro e o teatro radiofónico. Este premio de teatro radiofónico é unha iniciativa do Centro Dramático Galego, que pretende fomentar e oscitar a creación artística e a difusión do teatro radiofónico. O premio consistirá en 1000 euros e un diploma de honra. O prazo de recepción de obras é do 1 de outubro ao 31 de decembro de 2007. As obras deben estar escritas en gallego e ter unha duración máxima de 30 minutos. O premio será concedido ao autor ou autores da obra ganadora. O Centro Dramático Galego reserva o dereito de adaptación da obra ganadora para a radio e o teatro. O premio será entregado no acto de clausura do ciclo de teatro radiofónico que se celebrará no teatro de referencia da Xunta de Galicia.

aquí illi cebra D.L.: C 3496 2007

Organiza:



Patrocina:



Ao longo da súa historia a radio foi plataforma de experimentación e soporte de creacións artísticas. Autores e creadoras utilizaron o medio radifónico como soporte e canle creativa. Nesta tradición o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pretende promover a creación actual dun corpus dramático no formato de teatro radiofónico.

O Diario Cultural da Radio Galega e o Centro Dramático Galego co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte organizan a segunda edición dun premio que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico. Non se trata tanto de recuperar as fórmulas convencionais do teatro radiofónico como de estimular a creación de pezas dramáticas contemporáneas, Trátase de experimentar, de explorar, de facilitar unha plataforma de creación aberta ás novas linguaxes artísticas na radio.

As obras seleccionadas polo xurado emitiranse na Radio Galega e editarase un libro-cd cos textos finalistas. Outórganse os Premios do Xurado e da Audiencia dotados cada un deles con 3.000 euros.

Bases:

- 1 Poderán participar todos os escritores e escritoras que o desexen sempre e cando non mateñan unha relación laboral coa CRTVG e calquera das Sociedades que comprende (TVG e RG).
- 2 Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións. Deberán estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes.
- 3 Os traballos adoptarán o formato de guiión radiofónico dramático. Estarán calculados para que a súa duración en antena non sexa inferior a quince minutos nin exceda os vinte minutos. As obras terán un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poderán utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc. O director das dramatizacións radiofónicas poderá facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión.
- 4 Non se admitirán máis de dous guións por autor e de cada obra presentaranse orixinal e catro fotocopias. Os autores concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ó seguinte enderezo:
Radio Galega, Diario Cultural
«Il Premio Diario Cultural de Teatro Radiofonico»
San Marcos. 15820 Santiago de Compostela
Conservaranse durante un mes a partir da data na que se faga pública a resolución do xurado e logo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores.
O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e **rematará o día 4 de xaneiro de 2008.**
- 5 Os argumentos das obras serán de temática libre. O xurado estará integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega.
- 6 O xurado valorará especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ó medio radiofónico.
- 7 Os autores comprométese a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro e cd. A tal fin os autores premiados e finalistas entenderán cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto
Os autores que o desexesen poderán enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte de cd. As gravacións non serán tidas en conta na valoración dos textos teatrais polo xurado pero sí serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo CDG.
- 8 O xurado escollerá entre as obras presentadas un premio unico dotado con 3.000 euros e catro finalistas como máximo. As obras seleccionadas emitiranse pola Radio Galega e a audiencia escollerá por votación entre as emitidas a obra que obterá o Premio do Público, dotado con 3.000 euros. O xurado reservase a facultade de declarar deserto o premio convocado.
- 9 Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.
- 10 O feito de concursar supón a aceptación destas bases.